

DECLARACION SOBRE A PROTECCIÓN DE TODAS AS PERSOAS CONTRA A TORTURA E OUTROS TRATAMENTOS CRUÉIS, DESUMANOS OU DEGRADANTES

A Asemblea Xeral,

Considerando que, en conformidade con os principios proclamados na *Carta das Nacións Unidas*, o recoñecimento da dignidade inerente a todos os membros da familia humana e dos seus dereitos iguais e inalienábeis é o fundamento da liberdade, da xustiza e da paz no mundo,

Considerando que estes dereitos emanan da dignidade inerente à persoa humana,

Considerando igualmente a obrigaçión que incumbe aos Estados en virtude da *Carta*, particularmente do Artigo 55.º, de promover o respecto universal e a observancia dos dereitos da persoa e das liberdades fundamentais,

Tendo en conta o Artigo 5.º da *Declaración Universal dos Dereitos Humanos* e o Artigo 7.º do *Pacto Internacional sobre os Dereitos Civís e Políticos*, que proclama que ninguén será submetido a tortura nen a penas ou tratamentos cruéis, desumanos ou degradantes,

Aprova a *Declaración sobre a Protección de Todas as Persoas Contra a Tortura e Outras Penas ou Tratamentos Cruéis, Desumanos ou Degradantes*, cuxo texto se anexa à presente resolución, como norma de orientación para todos os Estados e demais entidades que exerzan un poder efectivo.

Artigo 1.º

1. Para os efectos da presente Declaración, entende-se por tortura todo acto polo cal un funcionario público, ou outrén por el instigado, inflixa intencionalmente a unha persoa penas ou sufrimentos graves, físicos ou mentais, con o fin de obter dela ou de unha terceira persoa unha información ou unha confesión, de a punir por un acto que teña cometido ou se sospeite que cometeu, ou de intimidar esa ou outras persoas. Non se consideran tortura as penas ou sufrimentos que sexan consecuencia unicamente da privación lexítima da liberdade, inherentes a esta sanción ou por ela provocados, na medida em que estexan en consonancia con as Regras Mínimas para o Tratamento de Persoas Reclusas.
2. A tortura constitui unha forma agravada e deliberada de pena ou tratamento cruel, desumano ou degradante.

Artigo 2º

Calquer acto de tortura ou calquer outra pena ou tratamento cruel, desumano ou degradante constitui unha ofensa à dignidade humana e será condenado como violación dos obxectivos da Carta das Nacións Unidas e dos dereitos da persoa e das liberdades fundamentais proclamados na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.

Artigo 3º

Nengun Estado permitirá ou tolerará a tortura ou outras penas ou tratamentos cruéis, desumanos ou degradantes. Non poderán ser invocadas circunstancias excepcionais tais como o estado de guerra ou de ameaza de guerra, a inestabilidade política interna ou calquer outra emerxencia pública como xustificación para a tortura ou outras penas ou tratamentos cruéis, desumanos ou degradantes.

Artigo 4.º

Todos os Estados tomarán, en conformidade con as disposicións da presente Declaración, medidas efectivas para impedir que se pratiquen dentro da súa xurisdición torturas ou outras penas ou tratamentos cruéis, desumanos ou degradantes.

Artigo 5º

Na formación do persoal encargado da aplicación das leis e na dos outros axentes da función pública responsáveis de persoas privadas de liberdade, ha de asegurarse que sexa tida plenamente en conta a prohibición da tortura e de outras penas ou tratamentos cruéis, desumanos ou degradantes. Esa prohibición debe igualmente figurar, de forma apropiada, nas normas ou instrucións xerais relativas aos deberes e funcións de todos aqueles que podan ser chamados a intervir na guarda ou tratamento daquelas persoas.

Artigo 6º

Todos os Estados examinarán periodicamente os métodos de interrogatorio e as disposicións relativas à custódia e tratamento das persoas privadas de liberdade no seu territorio, a fin de prevenir calquer caso de tortura ou de outras penas ou tratamentos cruéis, desumanos ou degradantes.

Artigo 7º

Todos os Estados asegurarán que os actos de tortura definidos no Artigo 1.º constituen crimes na súa lexislación penal. O mesmo se aplicará aos actos que constituen participación, cumplicidade, incitamento ou tentativa de cometer tortura.

Artigo 8º

Toda persoa que alegue ter sido submetida a tortura ou a outras penas ou tratamentos cruéis, desumanos ou degradantes, por un funcionario público ou a

instigación do mesmo, terá dereito a que o seu caso sexa examinado imparcialmente polas autoridades competentes do Estado.

Artigo 9º

Sempre que haxa motivos razoábeis para crer que foi cometido un acto de tortura tal como definido no Artigo 1.º, as autoridades competentes do Estado interesado procederán oficialmente e sen demora a unha investigación imparcial.

Artigo 10º

Se da investigación a que se referen os Artigos 8.º ou 9.º resultar que foi cometido un acto de tortura tal como definido no Artigo 1.º, haverá lugar a procedemento penal contra a persoa, ou persoas, supostamente culpada, en conformidade com a lexislación do estado. Se se considerar fundada unha alegación de outras formas de penas ou tratamentos cruéis, desumanos ou degradantes, as persoas supostamente culpadas serán submetidas a procedementos penais, disciplinares ou outros procedementos adecuados.

Artigo 11º

Cando se probar que un acto de tortura ou de outras penas ou tratamentos cruéis, desumanos ou degradantes foi cometido por un funcionario público ou por instigación deste, será concedido à vítima o dereito a reparación e indemnización, en conformidade con a lexislación estatal.

Artigo 12º

Nengunha declaración que se prove ter sido feita como resultado de tortura ou outras penas ou tratamentos cruéis, desumanos ou degradantes poderá ser invocada como prova contra quen a proferiu ou contra calquer outra persoa en nengun procedemento.